

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER (FAGAL) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E APOIO AOS FAMILIARES E COIDADORES

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018

REUNIDOS:

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Almiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E doutra, Don Juan Carlos Rodríguez Bernárdez con DNI n.º 36073858Z, presidente da Federación Galega de Asociacións de Familiares de Alzheimer (FAGAL) con NIF n.º G-15656739 que actúa en nome e representación desta,

MANIFESTAN:

1. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

2. Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

3. Que no ámbito da nosa comunidade, o avellentamento da poboación sofre un aumento dos problemas dexenerativos e, entre eles, está a Enfermidade de Alzheimer.

Estas persoas con frecuencia viven coa súa familia, tendo moitas veces que resolver problemas que entrañan unha gran dificultade, xerando situacións inquietantes para os familiares necesitado dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde.

No ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

4. Que a Federación de Asociacións Galegas de Familiares e Enfermos de Alzheimer (en adiante, FAGAL) é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio ós familiares de enfermos do Alzheimer, tendo como un dos seus fins a formación dos coidadores principais e a divulgación e sensibilización da poboación sobre esta enfermidade.

FAGAL cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. É por isto que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas para os efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares no seu domicilio, promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da federación cos seguintes obxectivos:

1. Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións.
2. Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares.
3. Deseño e desenvolvemento conxunto de programas de formación e coidados de coidadores.
4. Sensibilización social.

5. Información, orientación e asesoramento a familiares e cuidadores.
6. Deseño e desenvolvemento conxunto de programas psicoeducativos.
7. Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que as coidan.

Segunda. Desenvolveranse programas no ámbito da incorporación social a través do Programa de Atención Xurídico Social (PAXS).

O PAXS deberá ser dirixido á atención integral dos familiares e cuidadores de enfermos de Alzheimer e problemática legal engadida, prestando axuda técnica a xuíces e fiscais sobre a realidade social e persoal, así como ao persoal asistencial e familias.

A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o equipo nos diferentes dispositivos da asociación.

Terceira. A asociación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.
- c) Actualizar os rexistros de tal maneira que poidan remitir á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial a actividade dos usuarios, con periodicidade semestral, facendo constar:
 1. Número de admisións e intervencións realizadas.
 2. Actividades realizadas nos dispositivos da asociación.
 3. Así mesmo, enviarase unha relación do número de solicitudes de admisión que lle acheguen e un informe onde conste se foron admitidas ou, no seu caso, rexeitadas, indicando a razón do seu rexeitamento.
- d) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal.
- e) Manter actualizados os sistemas de información que estean en funcionamento nos dispositivos.
- f) Someter á consideración técnica da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial calquera programa ou intervención que, non estando

contemplada dentro do documento que estableza os instrumentos de planificación en materia de incorporación social, vai poñer en marcha o equipo técnico. Para tal fin a dirección técnica deste equipo presentará o programa a desenvolver e constará como mínimo dos seguintes apartados:

1. Denominación do programa.
 2. Xustificación da actuación.
 3. Descrición do programa: metodoloxía.
 4. Desenvolvemento programático: obxectivos xerais e específicos, poboación destinataria, difusión prevista, recursos humanos e materiais, mecanismos de coordinación, desglose de actividades, cronograma, orzamento e avaliación prevista.
- g) Axustarse á normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e as instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.

Cuarta. Salvo que se xeren créditos adicionais co mesmo fin, o Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa a achegar a cantidade de sesenta e catro mil corenta e dous euros (64.042,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A 481.13, co código de proxecto 201400028, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Quinta. No caso de que se xeren créditos adicionais, tal como se especifica na cláusula anterior, elaborárase unha addenda para a ampliación do presente convenio formalizando así o libramento da contía correspondente.

Sexta. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

Sétima. A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63

do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando por parte da asociación:

- Unha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio, segundo se indica na terceira cláusula, punto f, deste convenio.
- Certificado de non atoparse incurso en algunha das causas previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño
- Declaración responsable de estar o corrente das obrigas tributarias e seguridade social
- Copia cotexada do CIF.
- Declaración responsable sobre a titularidade da conta bancaria onde se vai a realizar o ingreso., do , do

Poderanse realizar pagamentos parciais até un máximo do 80% do importe total deste convenio (incluído o anticipo), a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de pagamento ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada deles.

A data límite e improrrogable para a presentación da documentación para os pagos parciais é o 5 de novembro de 2018.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada engadíndose, o importe do anticipo a conta, se é o caso.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

Oitava. A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do

13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e pagos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada deles.
 - b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.
 - c) Certificación da Asociación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.
 - d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
1. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada por este.
 2. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro do ano 2017 ata o 30 de novembro do 2018.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución dela, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 5 de decembro de 2018. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aos efectos deste convenio, considéranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.
4. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial, que emitirá informe favorable de ser conforme.
5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días naturais para a súa corrección.

Novena. Con data límite do 15 de xaneiro de 2019, a asociación deberá achegar á Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio desenvolvidas ao longo do ano 2018, segundo o modelo descrito no Anexo deste convenio.

Décima. Para a remisión da documentación relativa a este convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia cubrindo procedemento electrónico denominado “PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTÉN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO (PR004A), dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo primeira. Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

1. Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.

2. Dous representantes da Asociación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, a persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde será a competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

Décimo terceira. A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da asociación “FAGAL” que realicen as actividades que constitúen o obxecto do convenio, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo cuarta. Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

Décimo quinta. A asociación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo sexta. O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Décimo sétima. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

E en proba de conformidade asínase polas partes este convenio en cuadriplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Federación Galega de Asociacións de Familiares de Alzheimer, FAGAL

Jesús Vázquez Almuiña

Juan Carlos Rodríguez Bernárdez

ANEXO

MEMORIA

1. Datos básicos da entidade, organigrama, e asociacións que a compoñen (indicando nome da asociación, o seu representante e localización).
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, NIF, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
3. Balance de ingresos e gastos da Federación.
4. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
5. Actividades realizadas:

Formación continuada dos profesionais que traballan coas asociacións: Lista de cursos. Título de cada curso. Obxectivos do curso. Colectivo profesional ao que vai dirixido. Temario e relatores. Lugar e data de celebración. Número de horas lectivas. Número de asistentes.

Formación continuada das persoas que integran as directivas das asociacións de enfermos de Alzheimer e familiares: Listaxe de cursos dirixidos a integrantes das directivas. Título de cada curso. Obxectivos do curso. Colectivo profesional ao que vai dirixido. Temario e relatores. Lugar e data de celebración. Número de horas lectivas. Número de asistentes.

Deseño e desenvolvemento de programas de formación e coidados de coidadores. Listaxe de cursos. Título de cada curso. Obxectivos do curso. Colectivo profesional ao que vai dirixido. Temario e relatores. Lugar e data de celebración. Número de horas lectivas. Número de asistentes (diferenciar por xénero).

Deseño e desenvolvemento de programas psicoeducativos: Listaxe de programas desenvolvidos: Definición de cada programa. Obxectivos. Metodoloxía. Indicadores

de avaliación. Destinatarios. Lugar e cronoloxía das actividades. Número de beneficiarios e distribución por sexo.

Información, orientación e asesoramento a familias e coidadores: Tipoloxía. Número de demandas e entrevistas. Número de atendidas e resoltas.

Sensibilización social. Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen unha demencia e as que oa coidan. Listaxe de actividades, campañas. Descrición.

6. Reclamacións presentadas polos usuarios: achegar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

7. Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial.

NÓMINAS

0,00 €

IRPF

0,00 €

SEGURIDADE SOCIAL

0,00 €

